

poderá beneficiarse con carácter inmediato da liña de avais que se autoriza.

España, así mesmo, no marco da política de apoio financeiro a América Latina, comprometeuse no programa de redución da débeda dos países máis pobres, tanto a nivel bilateral como multilateral. Este programa plásmase no plano multilateral, na iniciativa HIPC do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional.

Para que os compromisos adquiridos por España nesa iniciativa, que foron asumidos pola Comisión Interministerial do FAD na súa reunión do 12 de decembro de 2000, e aqueles que puidera asumir como consecuencia da recente catástrofe ocorrida en El Salvador non incidan no montante global do resto de operacións que, con cargo ó Fondo de Axuda ó Desenvolvemento, poida aproba-lo Consello de Ministros durante o ano 2001, o límite fixado no parágrafo segundo do artigo 57 da Lei de orzamentos xerais do Estado para este ano amplíase nun importe de 25.000 millóns de pesetas (150,25 millóns de euros) que se financiará coas devolucións e/ou cesións onerosas de préstamos e créditos a que se refire o número 4 do artigo 118 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión celebrada o día 19 de xaneiro do ano 2001,

DISPÓN O:

Artigo 1.

Co fin de contribuír á estabilidade financeira internacional en cooperación coas institucións financeiras internacionais, e de conformidade co disposto no artigo 111 do vixente texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, autorízase o Goberno para que durante o exercicio de 2001 outorgue un aval de ata mil (1.000) millóns de dólares USA, máis as cargas financeiras correspondentes, por prazo non superior a cinco anos, para garanti-la liña de financiamento a instrumentar polo Banco de España a favor da República Arxentina, no marco do programa de axuste económico e asistencia financeira acordado entre esta e o Fondo Monetario Internacional.

Artigo 2.

O vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía fixará en cada caso as condicións particulares do aval, entre elas, de se-lo caso, a comisión correspondente. As operacións parciais de aval instrumentaranse de xeito tal que en ningún caso o Tesouro resulte debedor do Banco de España.

Artigo 3.

O presente aval non se considerará comprendido dentro do límite a que fai referencia o punto un do artigo 51 da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2001.

Disposición adicional única.

Durante o ano 2001, o límite a que se refire o parágrafo segundo do artigo 57 da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, poderase

incrementar ata 25.000 millóns de pesetas (150,25 millóns de euros) como consecuencia das contribucións aprobadas ó Fondo Fiduciario do Banco Mundial para o alivio da débeda multilateral dos países altamente endebedados e ó «Poverty Reduction Growth Facility» (PRGF) do Fondo Monetario Internacional para o alivio da débeda dos países pobres fortemente endebedados e os compromisos que se deriven da aprobación dunha liña de crédito para a reconstrucción de El Salvador.

Disposición derradeira única.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xaneiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DO INTERIOR

1945 *REAL DECRETO 59/2001, do 26 de xaneiro, polo que se modifica o artigo 4 do Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo, aprobado polo Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo. («BOE» 24, do 27-1-2001.)*

En desenvolvemento da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, dictouse o Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo.

Posteriormente, a Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, ampliou os supostos de resarcimento e asistencia ás vítimas do terrorismo, o cal obrigou a modifica-lo citado regulamento.

Entre as axudas que se establecen nel, no capítulo V reguláanse as axudas por danos materiais, esixíndose como requisito común en tódalas axudas que se tramiten para o efecto, con independencia da contía do dano, a súa taxación pericial, que será efectuada polos servicios competentes do Consorcio de Compensación de Seguros, de acordo co disposto no número 5 do artigo 4 do dito regulamento.

Na práctica, a tramitación dos expedientes de resarcimento por danos materiais puxo de manifesto a conveniencia de modifica-lo aludido regulamento, co obxecto de que aqueles danos que sexan de reducida contía non se sometan ó requisito de peritación, pois, neses expedientes, a peritación que esixe o regulamento, sen prexuízo do seu custo, supón un importante obstáculo para poder proceder ó pagamento de axudas que deberían facilitarse coa maior celeridade posible.

Este é o motivo polo que, buscando simplificar na medida do posible o procedemento para tramita-los expedientes por danos materiais, se estimou oportuno modifica-lo número 5 do artigo 4, de tal forma que se manteña a peritación dos danos de contía superior ás 100.000 pesetas (601,012 euros), mentres que aqueles de contía inferior a esa cantidade se acrediten unicamente coa presentación de factura ou orzamento de

reparación, conseguíndose desta maneira axiliza-la súa tramitación e o seu correspondente pagamento.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2001,

DISPÓN O:

Artigo único.

Dáselle nova redacción ó número 5 do artigo 4 do Regulamento de axudas e resarcimentos ás vítimas de delitos de terrorismo, aprobado polo Real decreto 1211/1997, do 18 de xullo, como a seguir se indica:

«5. A taxación pericial dos danos materiais será efectuada polos servicios competentes do Consorcio de Compensación de Seguros. Non obstante, poderase prescindir da peritación cando a contía total dos danos, acreditada mediante a factura ou orzamento de reparación orixinais, non alcance as 100.000 pesetas (601,012 euros).»

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JAIME MAYOR OREJA

XEFATURA DO ESTADO

2423 *REAL DECRETO LEI 2/2001, do 2 de febreiro, polo que se modifica a disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e determinados artigos da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia. («BOE» 30, do 3-2-2001.)*

O principal obxectivo da política económica do Goberno é lograr un ritmo de crecemento económico sustentable que permita continuar aproximando os niveis de renda per cápita e de emprego en España ós das economías máis desenvolvidas. Para iso, é imprescindible o establecemento dun réxime de liberalización económica adecuado. Este réxime de liberalización, o desenvolvemento e consolidación do cal motivou a promulgación dos reais decretos leis de xuño de 2000, pasa en todo caso pola definición das condicións normativas básicas para que a estrutura e funcionamento dos mercados faga destes uns instrumentos eficientes de intercambio de bens e servicios.

Non cabe dúbida de que o establecemento dun marco que posibilite unha maior competencia entre os oferentes contribúe a reforza-lo eficaz funcionamento dos mercados, e, xa que logo, á expansión e sustentabilidade do crecemento económico.

No caso concreto do sector eléctrico, hai que sinalar que nestes tres últimos anos se foi producindo unha aceleración na liberalización da subministración, estando previsto, de acordo co Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da com-

petencia en mercados de bens e servicios, a total liberalización da subministración o 1 de xaneiro do ano 2003.

Pola súa vez, este ambicioso plan de liberalización produciu que empresas que ata a data non consideraran a súa implantación en España estean interesadas en participar na apertura do mercado da subministración de electricidade.

Para iso, o Goberno considera imprescindible aclara-lo marco aplicable ós custos de transición ó réxime de mercado competitivo para os titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica, imposto pola disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas sucesivas modificacións; igualmente, resulta necesaria unha reforma da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, co fin de delimita-lo contido dos acordos que poden ser adoptados polo Goberno en expedientes de concentración empresarial e de atribuír ós órganos competentes en materia de defensa da competencia de instrumentos efectivos para velar polo cumprimento dos ditos acordos.

O presente real decreto lei consta de dous artigos; o primeiro dálle unha nova redacción á disposición transitoria sexta da Lei 54/1997, modificada polo artigo 107 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que recoñeceu os custos de transición á competencia (CTC) ás sociedades titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica incluídas en 31 de decembro de 1997 no ámbito de aplicación do Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre determinación da tarifa das empresas xestoras do servicio. Ademais, exclúese do pagamento de CTC as importacións de enerxía eléctrica procedentes doutros estados membros da Unión Europea, explíctase o incentivo por tecnoloxía GICC e mantense a rebaixa prevista no importe máximo de CTC en 31 de decembro de 1997.

Por outro lado, é necesario estende-lo dereito de cobramento dos custos de transición á competencia ás sociedades que adquiran posteriormente activos de xeración ós que se lles concedeu o dereito de cobramento deles. O proceso de venda dos ditos activos de xeración explicitará o valor de mercado das instalacións, sendo necesario adapta-los seus custos á valoración que terceiros dean no proceso de desinvestimento ós ditos activos. Por iso, prevese que o incremento de valor que o mercado atribúa a estas instalacións de xeración sexa descontado dos titulares iniciais delas.

Por outra parte, o mecanismo de considerar que o exceso de venda de enerxía das ditas instalacións no mercado de produción sobre as 6 pesetas/kWh, que foron consideradas como ingresos a percibir no novo mercado de xeración, foi un mecanismo adecuado para evitar incrementos de prezos non xustificadas no mercado. Por iso, resulta conveniente traslada-la dita limitación ós novos titulares, xunto co dereito de cobramento dos CTC asignados ás instalacións.

Con iso, tódalas sociedades titulares de activos ós que se considerou que non poderían recupera-los seus custos estarán en igualdade de condicións, con independencia de que fosen titulares iniciais ou con posterioridade das ditas instalacións.

Esta obriga de transmitir-los dereitos de cobramento debe facerse partir dunha data posterior á entrada en vigor da Lei do sector eléctrico, dado que, en virtude da obriga establecida no artigo 14 e na disposición transitoria quinta da Lei 54/1997, o 31 de decembro do ano 2000 é a data límite para separa-las actividades reguladas das non reguladas.

O artigo segundo contén dúas medidas imprescindibles para a consecución dun marco de defensa da competencia adecuada ás necesidades derivadas do pro-